EXERCICIO DA MATERIA *FILOSOFÍA E CIDADANÍA*

Dossier sobre: *A problemática da igualdade de xénero*

Trátase dun pequeno traballo (uns dous folios) de tratamento da información recollida a través de diferentes medios de comunicación (prensa, TV, internet, etc.) sobre a desigualdade de xénero, para despois posicionarse e facer propostas de cara á súa superación efectiva. A súa finalidade é a de estimular a aprendizaxe e investigación autónoma, así como a transferencia e aplicación do aprendido ás situacións reais. Consta de dúas partes:

1ª parte: Recollida de información sobre loita histórica pola igualdade de xénero. Non se trata de facer unha historia exhaustiva, senón, máis ben, un percorrido sintético polos principais fitos e conquistas históricas no longo camiño cara a igualdade de xénero, para rematar cos problemas e dificultades que aínda presenta na actualidade

2ª parte: Trátase de tomar posición respecto á problemática tal e como se presenta actualmente, así como de ofrecer e valorar as propostas máis importantes para unha efectiva igualdade de xénero.

Para realizar o traballo deberás utilizar, como en casos anteriores, toda a información que poidas atopar nos medios de comunicación, especialmente na rede de internet. Información, que unha vez seleccionada deberás tratar adecuadamente, sintetizándoa e ordenándoa para finalmente redactar o teu traballo.